I.E.S. "PERDOURO"



20 anos de vida

AUTORES: Iria Seijas Mourelo (4.º E.S.O.)
Jésica Maseda Díaz (4.º Administrativo)
M.ª Mar Rivas Crecente (4.º Administrativo)
Raquel Rey Neira (1.º Bacharelato)
Antón Niñe Fernández (Profesor de Relixión)

COORDINA: Seminario de Relixión

CORRECCIÓN DE TEXTOS: Equipo de Normalización Lingüística (I.E.S. Perdouro)

EDITA: Asociación Cultural "OS MATOS" (I.E.S. Perdouro)

COLABORA: Concello de Burela

I.S.B.N.: 84-607-0096-8

IMPRIME: GRÁFICAS ARFE - BURELA - Tel./Fax: 982 58 05 04

I. E. S. "PERDOURO"

20 ANOS DE VIDA

Limiar

Ollando unha fotografía que reflexa unha vista aérea de Burela feita hai vinte anos, onde se recollen nun excelente plano en branco e negro, rúas, edificios, leiras, porto e mar, decátome inmediatamente que sectores como a construcción, industria, comercio e servicios transformaron radicalmente o aspecto do pobo fotografiado, creándose unha nova fisonomía urbana, de actividade e poboación.

O noso instituto é parte recente da historia de Burela. Déixase ver timidamente, na foto comentada máis arriba, coma un conxunto formado por tres edificios que servían para exercer docencia simultaneamente a alumnos de bacharelato e formación profesional.

Nos últimos anos a poboación de Burela increméntase de forma notoria, facéndose necesaria a creación de prazas escolares para dar resposta á demanda que xorde en todos os niveis educativos. A separación de FP e BUP realízase construíndo un novo instituto para o bacharelato.

"A Maestría", que era o nome máis popular para nomear o noso centro, evolucionou empregando criterios de servicio público e progreso para dar resposta ás necesidades formativas e profesionais da comarca, rematando a súa fase como instituto de FP con catro ramas consolidadas: Metal, Administrativo, Electrónica e Perruquería. Tamén tivera experiencias coa rama Marítimo-Pesqueira que non perdurou.

Hoxe é un instituto moderno con dotación en novas tecnoloxías, con profesorado motivado e preparado para dar resposta educativa ás necesidades dos alumnos que poden cursar estudios de ESO, Bacharelatos e Ciclos Formativos.

Pero o incremento constante de alumnado quizais recomende un edificio novo, máis sólido e con garantía de soportar firme moitos anos da historia de Burela. E no futuro, cando alguén vexa unha foto con vista aérea do pobo (posiblemente en tres dimensións) e recoñeza o IES PERDOURO, lembrará con orgullo que foi o lugar onde compartiu con outros rapaces parte da súa vida, e que a responsabilidade, eficacia, madureza, solidariedade e optimismo da que é portador sexan herdadas da súa época de estudiante.

Que así sexa.

Unha aperta.

Alfredo Llano García
- Director -

Introducción

O progreso e o desenvolvemento dos pobos teñen a súa base en varios factores: económico, político, social, cultural... e educativo. Desde logo que o campo educativo xoga un factor determinante na vida das persoas e da sociedade en xeral.

O noso Instituto, desde a súa fundación, veu aportando un papel significativo no desenvolvemento da vida de Burela e arredores. Son moitos os homes e mulleres da comarca de A Mariña que cursaron os seus estudios nas nosas aulas, e hoxe, xa no campo profesional, seguro que recordan o seu paso polo centro. Como lle ocorrerá ós actuais alumnos dentro duns anos.

Cando falamos de recordos, pode parecer, nalgunhas ocasións, que xa nos fixemos vellos moi axiña. É posible. Pero o que é unha realidade son os avances que van configurando a vida de calquera colectivo. E iso é o que pretendemos con este pequeno traballo : mostrar a vida dos vinte anos do noso instituto.

7-10-1.978 INAUGURACIÓN

Primeiros Pasos

A mediados da década dos anos 70 Burela é unha vila onde a súa principal actividade xira arredor do mar, como na actualidade. O seu porto cada vez vai collendo máis importancia, froito do seu labor cotián, e tamén se produce un incremento na construcción debido a que a poboación aumenta e o traballo das distintas empresas vai collendo forza. Xentes das parroquias do arredor e outras chegadas de lugares máis alonxados vanse integrando na vida da sociedade burelesa.

A influencia da factoría de Alúmina-Aluminio en San Cibrao tamén se nota na vida burelesa. A cercanía desta industria coa vila fai que moitos traballadores deste complexo residan en Burela e nos seus arredores.

Os estudiantes bureleses que rematan o Ensino Xeral Básico e que queren seguir o ensino medio vense na necesidade de desprazarse da vila. Ribadeo, Mondoñedo e Viveiro son os centros máis cercanos onde poden continuar os seus estudios e onde acoden moitos alumnos. Lugo e A Coruña son lugares tamén escollidos por outras familias para os seus fillos.

Os primeiros pasos cara á instalación dun centro de ensino medio comezan en 1973 cando o "Ministerio de Educación y Ciencia" solicita ó Concello de Cervo a cesión de terreos para a ubicación das edificacións dun Centro de Bacharelato Unificado e Polivalente a construír en Burela, incluído no "III Plan de Desarrollo" pola Comisión Provincial de Planeamento e Programación Educativa, que aprobou definitivamente o proxecto de necesidades en materia educativa para Lugo.

O Concello de Cervo - 24 de outubro deste mesmo ano - faculta ó Sr. Alcalde, Dn. Arcadio Pardiñas Vila, ou Primeiro Tenente de Alcalde que legalmente o sustitúa , para formalizar os contratos de adquisición *"de las fincas comprendidas dentro del polígono delimitado en la base 1.ª de las del concurso subasta tramitado en forma, con publicación en los BB.OO. del Estado y Provincia, dos números del diario provincial "El Progreso", dos en el ABC de Madrid y Radio Nacional en el punto conocido por* ***Matos***, ***Granda*** *o subdenominaciones con que aparezcan a ceder para la finalidad indicada y anejos".*

O concurso que se tramitou para a adquisición dos terreos queda deserto. Posteriormente dous veciños de Burela,

Dn. Jaime Costas Rodríguez (médico) e Dn. José Fernández González (veterinario) ofertan ó Concello varias fincas da súa propiedade situadas nesta zona cunha superficie aproximada de 16.116 m.² para a ubicación do Centro de Bacharelato Unificado e Polivalente e a Escola de Formación Profesional de 1.° e 2.° Graos.

Na sesión plenaria do 12 de Marzo de 1975, o Concello de Cervo aproba a adquisición destas fincas na zona de "Os Matos", ás aforas de Burela. A proposta fíxose de conformidade co Regulamento de Bens e, previo informe do Perito Agrícola, favorable en canto á súa ubicación , adquírense as citadas fincas na cantidade de Un Millón Catrocentas Cincuenta e Cinco Mil Pesetas (1.455.000. - Ptas.).

Os membros presentes no pleno acordan facultar ó Segundo Tenente de Alcalde, Dn. José García García, para que formalice notarialmente todas e cada unha das operacións de adquisición, segregación, división e cesión ó Ministerio de Educación e Ciencia dos terreos citados onde se ubicarán as edificacións educativas; así como que realice todas e cada unha das operacións ou trámites conducentes ó fin indicado.

Seguen os trámites administrativos e cédense os terreos ó Ministerio de Educación e Ciencia para acometer a obra.

BURELA ANOS 70

Proxecto e Construcción das Obras

En Xuño de 1976, o arquitecto José A. Rojo Fernández redacta o proxecto (n.º 5.214) "De Centro de Formación Profesional para 360 puestos escolares en Burela-Cervo (Lugo)".

Na Memoria do proxecto queda reflectido: *"El Servicio de Proyectos de la Junta de Construcciones, Instalaciones y Equipo Escolar, de la Subdirección General de Proyectos y Construcción del MINISTERIO DE EDUCACIÓN y CIENCIA, efectuó el encargo de la Redacción del Proyecto de un Centro de Formación Profesional para 360 Puestos Escolares, en un terreno próximo a la localidad de Burela, en la provincia de Lugo, próximo a la carretera C-642 de Viveiro a Foz. Una vez aprobado el correspondiente Anteproyecto, se autorizó la redacción del Proyecto Definitivo".*

O autor do proxecto segue as liñas xerais da solución adoptada no Anteproxecto básico preparado polo M.E.C. coas pequenas adaptacións necesarias para a súa lóxica acomodación na parcela, tendo en conta a separación de funcións que interveñen nun centro destas características, seguindo á vez os criterios económicos e estéticos necesarios para un correcto desenvolvemento do programa.

O proxecto do Sr. Rojo Fernández contempla varios bloques:

- Un bloque principal con dúas plantas de altura, destinado a albergar a zona docente de aulas (na súa planta superior) e a zona administrativa, zonas de usos comúns (usos múltiples, ximnasio, etc...) e zona de servicios coa vivenda do subalterno na planta baixa.

- Outro bloque con dúas plantas de altura, e tamén destacado na súa importancia, destínase para albergar os talleres do grupo 1.º e 2.º.

- Por último, o conxunto complétase cun bloque destinado ós talleres especiais do grupo 3.º.

O conxunto dos edificios queda ligado por porches e pasos cubertos.

A zona de deportes (pista polideportiva) queda exterior, disposta lateralmente ó conxunto de pavillóns e chégase a eles mediante os pasos cubertos xa indicados.

O acceso ó Centro encóntrase en boas condicións e realízase pola estrada de Oviedo, á que se chega polo extremo Norte da Parcela.

En canto á descrición da obra, o proxecto contempla que:

"El conjunto del Centro se construye con estructura de pilares y vigas de hormigón armado, con forjados unidireccionales formados por viguetas de hormigón normal y elementos huecos de hormigón. Los porches y pasos cubiertos se ejecutarán con estructura ligera de perfiles metálicos. El sistema de cimentación, dadas las condiciones del terreno, será mediante zapatas aisladas de hormigón armado, unidas entre sí por vigas de arriostramiento y juro de hormigón que actuará como sobrecimentación recibiendo los muros de cerramiento. Dadas las longitudes de los edificios, ninguno de ellos requiere dividir su estructura por junta de dilatación. Se consideran como forjados completos tanto el correspondiente al piso de la planta baja como el del nivel de la cubierta.

Las cubiertas de los edificios principales será a dos aguas ..... El material de cubrición será de teja plana de cemento recibida con mortero de cemento y arena.

La cubierta del bloque de talleres del grupo 3.º estará construída por estructura metálica en elementos prefabricados formando dientes de sierra inclinados .....

La instalación eléctrica se hará con las prescripciones vigentes del reglamento electrónico de baja tensión para un nivel de iluminación de 300 lux con posibilidad de iluminación media de 150 lux".

Tamén se fai constar no proxecto o sistema de calefacción, no que se tomará en conta o establecido polo Decreto 1.490/75 de 12 de Xuño de 1.975 sobre aforro de enerxía.

A vivenda do subalterno leva sistema de calefacción independente do resto do Centro.

Os caudais, tanto da rede de suministro de auga como a de recollidas, calcularanse segundo as Normas Tecnolóxicas da Edificación.

O edificio irá protexido contra descargas atmosféricas cun pararraios de puntos múltiples.

Tamén se proxecta unha rede de Terras de acordo coas Normas Tecnolóxicas da Edificación, dotada dos correspondentes rexistros para a medición das resistencias de terras.

Completando a urbanización da parcela, proxéctanse redes de rego e de iluminación exterior.

O B.O.E. n.º 273 do 13 de Novembro de 1.976 anuncia a *"Resolución de la Junta de Construcciones, Instalaciones y Equipo Escolar por la que se anun-*

cian a concurso-subasta las obras que se citan.

8.- Construcción de un Centro de Formación Profesional de 360 plazas en Burela, Cervo (Lugo).

Presupuesto de contrata:
35.324.873 pesetas.

Plazo de ejecución:
Diez meses.

Clasificación requerida:
Grupo C completo, categoría D.

Fianza Provisional:
Dos por ciento del presupuesto anterior".

Esta era unha noticia moi esperada polo Concello de Cervo, e en particular polos veciños de Burela, xa que despois dos pertinentes trámites burocráticos viase máis cerca o obxectivo perseguido.

No mesmo mes de Novembro de 1.976 o Ministerio de Educación inicia o expediente a través da *"Junta de Construcciones, Instalaciones y Equipo Escolar Subdirección General de Contratación Servicio de Contratos Sección de Contratos de Obras".*

No mesmo queda reflectido:

" - ***Provincia:***
Lugo

- ***Localidad:***
Burela

- ***Obras:***
Nueva construcción

- ***Centro:***
Centro de Formación Profesional para 360 p. e.

- ***Sistema de adjudiación:***
Concurso-subasta

- ***Bases Legales:***
Art.º 28 de la vigente Ley de contratos del Estado.

- ***Aplicación presupuestaria:***
18.63.651/0378-76

- ***Cantidad total:***
35.584.815 pesetas

- ***Anualidades:***
1.976.- 2.000.000.- ptas.
1.977.- 33.584.815.- ptas.

- ***Plazo de ejecución:***
10 meses."

"En expediente promovido para la contratación de las obras cuyo detalle se especifica en los recuadros que anteceden... ESTA JUNTA ..., cumplidos todos los trámites reglamentarios, ha resuelto aprobar el Pliego de Cláusulas Administrativas particulares por el que se regirá el contrato correspondiente, el gasto de que se hace mención y la adjudicación de las obras mediante ... concurso-subasta ...".

O 14 de Decembro de 1.976 adxudícanse as obras á empresa Constructora San José, S. L., que ten o seu domicilio en Pontevedra, por un importe de 32.781.482 pesetas.

As obras dos distintos pavillóns que albergarán ós dous centros - Bacharelato Unificado e Polivalente e Formación Profesional de 1.º e 2.º graodan comezo. Dificultades non faltan á hora de facer os institutos, xa que nalgunha inspección das obras os representantes da administración consideraban que os edificios "non reunían" as condicións óptimas para este tipo de edificacións (no relativo á calidade dos materiais), pero pouco a pouco fóronse superando os atrancos.

Mentres se vai facendo a obra, o Concello de Cervo -25 de Agosto de 1.977- aproba o proxecto de "Acondicionamento de pavimentación e mellora de servicios na rúa de Burela e os seus enlaces coa C-642. Presuposto parcial dos tramos de acceso á Escola de Formación Profesional, perfiles do 22 ó 28 e Calle A".

No pleno do mes de Outubro de 1.977, a Corporación Municipal acorda prestar aprobación ó presuposto parcial dos tramos de acceso ó Centro de Formación Profesional e citada rúa "A", co fin de que poida entrar en funcionamento o mencionado centro con todos os servicios no máis breve prazo posible.

A fisonomía do lugar vaise transformando. A zona virxe desta parte da vila cambia gracias ó traballo dos homes e das máquinas.

Coa urbanización do lugar e a obra do Instituto cada vez máis cercana ó seu remate, os veciños de Burela ven con satisfacción esta realidade, esperando non tardar moito en mandar os seus fillos a estas novas intalacións.

A noticia que tanto esperaba o pobo ten lugar o 20 de Xuño deste ano 1.978 co Real Decreto 2045/78 onde se crea o Centro de Formación Profesional de Burela, quedando reflexado posteriormente no Boletín Oficial do Estado do 30 de Agosto de 1.978.

A Xunta de Galicia, a través da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, efectúa a recepción provisional das obras o día 10 de Xullo de 1.978.

Isto quere dicir que no vindeiro curso 1.978-79 poderán utilizar este centro os alumnos do Concello de Cervo e dos pobos veciños.

Inauguración

No verán vanse instalando nos distintos edificios os primeiros materiais para dar comezo as clases ó inicio do curso que se aveciña; o material é escaso, pero polo menos o Centro comezará a funcionar nas ramas de Administrativo e Metal.

Un día moi esperado é o 7 de Outubro de 1.978. Neste día, sábado, ten lugar a inauguración do Instituto. O xornal "El Progreso" do día 8 de Outubro recolle a nova:

"Ayer fueron inaugurados el Instituto Nacional de Bachillerato Mixto y el Centro de Formación Profesional.

Dn. Pedro Rubal Pardeiro
(Director do Instituto de Bacharelato)

Dn. Jaime Costas Rodríguez
(Alcalde de Cervo)

BURELA.- (De nuestro corresponsal, J. L. TRIGO). A las cinco de la tarde de ayer, fueron inaugurados el Instituto Nacional de Bachillerato Mixto de Burela y el Centro de Formación Profesional de Primero y Segundo Grado.

Asistieron al acto la delegada provincial de Educación y Ciencia, Doña Flora Veiga; el obispo de Mondoñedo, Monseñor Araujo Iglesias; comandante militar de Marina de El Ferrol, capitán de la Guardia Civil de Ribadeo, ayudante militar de Marina de Vivero, alcaldes de Alfoz, Mondoñedo, Vivero, Vicedo, Valle de Oro y Cervo; directores de ambos centros y demás autoridades locales.

Comenzó el acto con la bendición de las instalaciones a cargo del señor cura párroco de Burela, don Benjamín González, procediéndose seguidamente a la celebración de la santa misa en los locales de dicho Centro.

Acto seguido, el señor Costas Rodríguez, presidente del municipio, ha expuesto en breves, pero elocuentes y acertadas palabras, la necesidad de poner en marcha estas instalaciones.

A renglón seguido, habló el director del Instituto Nacional Mixto, don Pedro Rubal Pardeiro, pidiendo el apoyo y la confianza de todos los padres de alumnos de dicho Centro.

Como colofón, hizo uso de la palabra, la delegada provincial de Educación y Ciencia, doña Flora Veiga Aldariz, quien en breves frases dejó ver los mejores propósitos del Ministerio que ella representa, terminando con la bonita frase de que "el Centro será lo que todos y cada uno de nosotros queramos que sea", refiriéndose muy concretamente a la colaboración del pueblo.

El grupo de danzas "Ledicia" deleitó seguidamente a los allí presentes, tras cuya actuación se pasó a degustar un vino español en las instalaciones recién inauguradas, con lo cual se ha puesto fin a estos importantes actos".

Tres días máis tarde o mesmo xornal volve a informar sobre os actos da inauguración. É o mércores 11 de Outubro. Nunha ampla reportaxe con catro ilustracións (durante a Santa Misa na Biblioteca do Centro; unha conversa entre o Señor Bispo de Mondoñedo -monseñor Araujo Iglesias- e a Delegada Provincial de Educación -Dna. Flora Veiga Aldariz-; unha imaxe do Director do Instituto -Dn. Pedro Rubal Pardeiro-; e unha vista xeral do Centro) xa se fai mención ás inquedanzas e aspiracións da comunidade escolar sobre os estudios nocturnos.

Co título *"LA FALTA DE PROFESORADO PUSO VETO AL BACHILLERATO NOCTURNO"*, o mesmo corresponsal da noticia do día 8, expón: *"Lo mismo el Instituto Nacional Mixto de Bachillerato que el Cenro de Formación Profesional se quedarán este año al menos sin los cursos de nocturno. La causa fue la escasez*

de profesorado, aunque más que hablar de escasez deberíamos hablar de error en previsiones a la hora de destinar a personal docente. Algo tenía que dejarse aparte, y realmente fue mejor el prescindir del bachillerato nocturno que del curso de COU, aunque las dos cosas sean de necesidad en la comarca, y toda vez que se contaba ya con censo suficiente para impartir estas enseñanzas. Adelantándonos ya al próximo curso, parece que hay formales esperanzas de que esta enseñanza nocturna pase a impartirse a ambos centros. Que no se quede sólo en promesas, como pasó este año. La necesidad bien viene dada por la matrícula, que fue suficiente según los mínimos establecidos para los diferentes cursos. Y para el año que viene presumimos de un mayor censo estudiantil".

Tamén na mesma reportaxe volve a facer mención ós actos de inauguración, destacando que a brillantez dos actos foi notoria e moi prometedora e cun enorme coñecemento de causa a charla da delegada de Educación e Ciencia, Dna. Flora Veiga, que en ningún momento evadiu o compromiso do seu ministerio.

Como tamén se informara o día 8, na inauguración participou o grupo de Danzas de "Ledicia", resaltando "que realmente fue una clara demostración del esfuerzo de superación amparada en la belleza de las interpretaciones".

O periodista deixa ver algo que poderiamos definir como "un aspecto negativo", a participación popular nos actos:

"A nuestro pesar debemos resaltar lo mismo la escasa participación popular en los actos. ¿Mal entendido? Creo que es lo más acertado del caso, puesto que una buena parte de la gente creía el acto "privativo a la invitación". No era así y, aunque la concurrencia no fue poca, pudo ser mucho mayor".

INAUGURACIÓN DO INSTITUTO

Elección de Director

O día 23 de Outubro de 1.978, na sala de profesores do Centro, reúnese o Claustro ás vinte horas. A citación fixéraa o Sr. Coordinador Provincial o día 16 do mesmo mes. O obxectivo era o de cumprir as instruccións da Dirección Xeral de Ensinanzas Medias publicadas no B.O. do Ministerio de Educación e Ciencia do 10 de Maio, que completa o disposto no artigo nove, sobre a elección de Direcor dos Centros de Formación Profesional.

O Claustro está composto por cinco profesores:

César Aja Mariño
Manuel Álvarez Otero
Donnino Cabanas Somoza
José Luis López Seoane
M.ª Pilar Sande Soilán.

Procédese entón á constitución da mesa electoral, quedando formada por:

- Presidente: César Aja Mariño, actual director en funcións.

- Vocais: (1) Manuel Álvarez Otero, profesor máis antigo por proceder da Escola de Bata (Guinea Ecuatorial) en comisión de servicios polo "Ministerio de Educación y Ciencia".
(2) José Luis López Seoane, como profesor máis novo do Centro.

A continuación lévase a cabo a primeira elección para elixir os tres compoñentes de maior votación, dos que sairá a terna para proposta a Director. O resultado da primeira votación é o seguinte:

César Aja Mariño, tres votos
Manuel Álvarez Otero, un voto
Donnino Cabanas Somoza, un voto

Quedan proclamados candidatos á terna os profesores Aja Mariño, Álvarez Otero e Cabanas Somoza.

Seguidamente prodúcese a segunda votación para a elección de Director, sendo os resultados os seguintes:

Aja Mariño, catro votos
Álvarez Otero, un voto
Cabanas Somoza, cero votos

A acta queda estendida e aprobada, asinando os presentes. Da mesma lévase copia certificada ó Ilmo. Sr. Delegado do Ministerio de Educación, conforme sinalan as instruccións estipuladas ó efecto, co fin de que esta Autoridade, xunto co Sr. Coordinador, emitan o seu informe preceptivo para a proposta de Director do Centro de Formación Profesional de 1.° e 2.° Grao de Burela.

Comezo da Actividade Escolar

O curso comeza no mes de Outubro e, pouco a pouco, vaise collendo o ritmo necesario. Pero os problemas non faltan, xa que o material é insuficiente para un bo funcionamento. Esta inquietude queda reflexada no claustro de profesores que ten lugar o día 20 de Novembro para tratar asuntos relativos á marcha do Centro.

Precisamente o primeiro punto tratado é a escasez de material. Falta por completo o material de oficina -non hai arquivadores, nin máquina de escribir, nin armarios, etc.- chegándose á conclusión de que con carácter urxente sexa necesario recabar do Padroado o material necesario, ou, no seu defecto, a axuda necesaria para a súa adquisición.

En segundo lugar trátase da necesidade de proceder a realizar os trámites oportunos para a posta en funcionamento da calefacción. A súa utilización nestas datas é moi necesaria.

O terceiro punto tratado é o da falta do material necesario para o desenvolvemento adecuado do ensino dalgunha das materias que se imparten. Así, ponse de manifesto a falta de máquinas de escribir, xa que sen elas é imposible impartir dun xeito adecuado a asignatura de mecanografía, dentro da rama administrativa, acordándose reclamar das autoridades competentes o suministro deste material.

A continuación fálase de problemas relativos ó alumnado do Centro, estando de acordo os profesores do baixo nivel, tanto cultural como educacional, do que se deriva un alto grao de dificultade no desenvolvemento das materias que se imparten, e o atraso que evidentemente ten que producirse no avance do temario, debendo varios profesores explicar temas que xa tiñan que estar superados polo alumnado, pero que se fai necesario volver a eles para que o nivel de comprensión sexa minimamente adecuado.

Os días pasan e o corpo de profesores vese incrementado neste primeiro trimestre con dous membros máis: Villalba Prado e González Quelle. O claustro queda composto por 7 profesores.

O 19 de Decembro dese mesmo ano reúnese de novo o claustro de profesores para dar e comentar as cualificacións correspondentes á primeira avaliación do curso.

Ponse de manifesto nesta primeira avaliación o baixo rendemento de todo o alumnado en xeral, salvo algunhas excepcións. Trátase de analizar as causas deste baixo rendemento e todo o profesorado está de acordo en que é debido ó pobre nivel con que chegaron á Formación Profesional a maior parte dos alumnos, así como ó desinterese por parte dos mesmos e da súa pouca dedicación ó estudio.

O curso segue o seu ritmo e, ó rematar o mesmo, o Instituto é máis coñecido por parte dos veciños de Burela e pobos do arredor.

No segundo ano de vida xa comezan as novidades. Así temos que na Orde do 26 de Xuño de 1.979 (B.O.E. 8 de Agosto) refléxase a ampliación de ensinanza no noso Centro:

Ampliación de enseñanzas:

1.º Grado Profesional Administrativa, Rama Administrativa y Comercial.



AULA DE MECANOGRAFÍA - PRIMAVERA DE 1997

Primeiros anos "dos 80"

O recinto escolar conta con tres pavillóns. O inferior está destinado para Formación Profesional, o central para Bacharelato e o superior para os talleres da rama de Metal. Con todo iso, o recinto resulta insuficiente. No pavillón central compártese unha estancia entre os dous institutos: a actual biblioteca, que é o lugar onde se imparten clases de mecanografía.

No curso 1980-81 prodúcese outra ampliación. A orde do 16 de Xuño de 1980 (B.O.E. 23-8-80) contempla a *"Ampliación a 2° Grado de la Rama de Metal, especialidad de Máquinas y Herramientas".*



BIBLIOTECA NA ACTUALIDADE

En vista de que o edificio non pode albergar máis aulas, nalgún curso destes primeiros anos da década ten que facerse uso dos baixos dun edificio veciño para impartir diversas clases.

Dentro do recinto escolar tamén se instala unha "caracola" -de forma provisional- onde os profesores dan varias clases, que serve para paliar a falta de instalacións. Este problema non afecta só ó Instituto de Burela, senón que noutras poboacións da Mariña acontece algo semellante, por exemplo no Instituto de Formación Profesional de Foz.

Pouco a pouco, e gracias ó traballo, esforzo e entrega dos profesores e colaboradores, o Instituto vai desenvolvendo o seu labor.

No mes de Xuño de 1981, Orde do 11-6 (B.O.E. 31-8), ten lugar a "Ampliación a 2° Grado:

Ramas Administrativo y Comercial; Especialista Administrativo.

Ramas Electricidad y Electrónica; Especialista Eléctronica de Comunicaciones".

Neste mesmo ano suprímese (Orde 8-6-81, B.O.E. 25-8) o *"1.º Grado Rama de Metal; Construcciones Metálicas".*

Os primeiros anos da "década dos 80" son movidos en canto á incorporación de alumnos ó Centro. Un factor determinante neste apartado foi a información dada por distintos profesores que foron polos pobos, aldeas e parroquias do arredor informando ós veciños sobre as posibilidades de estudio e formación que poden adquirir os rapaces no Centro de Formación Profesional de Burela. Chegaron a informar persoalmente incluso ata na provincia de A Coruña.

Dada a importancia que o sector pesqueiro ten na vida de Burela, e en toda a comarca da Mariña, unha teima importante por parte dos responsables do Centro é a implantación no Instituto da Rama Marítimo Pesqueira.

No remate dos "anos 70" había na vila unha escola náutico pesqueira. Iso quedaba reflectido na mesma páxina do xornal *"El Progreso"* onde informaba dos actos da inauguración do Centro (11 de Outubro de 1978), que especificaba que *"En la segunda quincena de este mes darán comienzo los cursos en la Escuela de Formación Profesional Náutico Pesquera de la villa. Los cursos a impartir serán los de "Radiotelefonista Naval Restringido" y "Motorista Naval de los tres grupos", aunque dependiendo del número de preinscripciones se darán: Canje de Patrón Litoral de 2° y Competencia Marinera.*

Aparte de esto, se conoce la preocupación por poder impartir en esta escuela el Canje para Mecánico Naval de Segunda. Creemos sinceramente que de los cursos que antes hemos nom-

brado, éste sería uno de los de mayor importancia cara a las necesidades de la comarca que hoy en día cuenta con un muy elevado número de Motoristas de tercera que constantemente se ven obligados a pasar por la "habilitación" para desarrollar su cotidiano trabajo. Parece ser que en el mes de junio hubo convocatoria para este canje. Sin embargo, la publicidad fue poca y en la zona las necesidades quedaron en las mismas.

Recalcamos la necesidad de este curso, más viéndonos con que la mayoría de estos motoristas de tercera no pueden dejar su trabajo para acudir a una escuela como puede ser la de Gijón, y sí en cambio aprovechar la enseñanza nocturna que ofrece la Escuela de Burela. Siempre y cuando se autorice el Canje, claro está".

A Rama Marítimo Pesqueira no Instituto ve a luz en 1.983. No D.O.G., do 23 de Xullo, especifícase a creación da "Rama Marítimo Pesqueira, Especialista Máquinas."

AULA DE TECNOLOXÍA E.S.O.



TALLER DE METAL F.P.-1

1983 / 1984: Primeira Promoción. Novo Centro de B.U.P.

Tamén neste ano de 1983 hai que ter en conta dúas realidades significativas.

Por unha banda rematan os seus estudios os alumnos da primeira promoción do Instituto. Unha placa que se conserva no despacho da dirección recórdanos os rapaces e rapazas que alcanzaron os primeiros títulos expedidos no centro:

Ana Maria Baño Baño
Lourdes Domínguez Echevarría
Isabel Enriquez Echevarría
María Ángeles Legaspi Hermida
María Jesús Pernas Balseiro
Juan Carlos Bouso García
Manuel José García Palmeiro
Amador Teijeiro González
José Manuel Balseiro Canoura
José Ramón García Montero
Domingo González Casariego
Carlos Luis Lázaro Seara
Jesús Manuel Mariña Pernas
José Pérez Saa

E por outra banda, no curso 1983-1984 entra en funcionamento o novo Instituto de Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) nuns terreos situados a carón do noso centro. Isto supón que cada instituto -B.U.P. e F.P.- dispoñan de instalacións propias, sen necesidade de compartir edificio.

Debido á demanda existente de postos escolares no Concello de Cervo, as autoridades educativas aprobaran a construcción dun novo centro de Ensino Medio para 480 postos escolares.

O comezo desta obra tivo lugar o 8 de Agosto de 1981 e a Acta de Ocupación ten data do 26 de Setembro de 1983, iniciando a actividade escolar a comezos do mencionado curso 1983-1984

Ó dispoñer de todo o edificio para a Formación Profesional melloran as condicións escolares en canto á disponibilidade de espacio e de aulas.

A vida escolar ten vitalidade e animación. Nas distintas celebracións do ano (principio de curso, Nadal, San Xoán Bosco, etc.) teñen lugar diversas actividades onde se aprecia unha familiaridade entre a comunidade educativa.

FESTA DE SAN XOAN BOSCO

De especial relevancia é a Festa do Patrón, San Xoán Bosco. Comeza esta festa cunha Eucaristía presidida polo profesor de Relixión do Centro, para posteriormente pasar a celebrarse diversas competicións deportivas. Nalgún ano chegou a verse animada esta festa con actuacións de grupos de baile popular. Pola tarde teñen lugar os "play-backs" onde os alumnos "sacan a relucir os seus dotes artísticos".

XANTAR NO XIMNASIO



"PLAY-BACKS"

1.985 / 1986: Obras de Ampliación

O tempo vai pasando e a oferta educativa vese incrementada no curso 1985-86 coa Rama de Perruquería. No DOG do día 24 de Maio de 1985 queda reflectido que se concede ó noso centro a "Rama de Perruquería e Estética", na especialidade de "Perruquería". Isto leva consigo unha adaptación no centro para esta especialidade.

Efectivamente, neste curso de 1985-86 lévanse a cabo varias obras no recinto escolar.

O día 4 de Novembro de 1.985 adxudícanse á empresa local *"Construcciones Mon, S.L."* as obras de *"Terminación Ampliación Nave Taller Centro F.P."* por un importe de 3.049.607 Ptas. Estas obras duran varios meses e o 3 de Xuño de 1.986 o Servicio de Supervisión da Consellería de Educación acorda aprobar a Recepción e Liquidación Provisonal das referidas obras.

A finais de ano (1985), o 31 de Decembro, adxudícanse as obras de "Ampliación de 4 unidades Centro F.P. e Reformado sen V.E." á empresa "Jesús Naray Delantero", de Foz, por un importe de 15.429.000 Ptas. Estas obras de ampliación propician unha maior capacidade de recepción de alumnos, e de cara á nova Rama de Perruquería leva consigo a creación dun taller de prácticas desta especialidade que se ubica no pavillón inferior.

PAVILLÓN INFERIOR

No presente curso escolar o noso centro conta cun total de 450 alumnos e un claustro de 29 profesores. Isto fai que o Instituto de Formación Profesional de Burela sexa o segundo centro da provincia por número de alumnos, abarcando unha zona de influencia que chega a toda A Mariña.

Nun Especial informativo do xornal *"La Voz de Galicia"* (29 de Maio de 1986) con motivo das Festas Patronais de Burela, queda reflectida esta información:

"El Instituto de Formación Profesional de primero y segundo grado que funciona en Burela desde hace ocho años tiene en la actualidad una matrícula de cuatrocientos cincuenta alumnos, que lo sitúan, después del Politécnico de Lugo, con el mayor número de matrícula, entre los de este tipo de enseñanza dentro de la provincia. (...) La procedencia de los alumnos es de los municipios de Cervo, Viveiro, Xove, Foz, O Valadouro, Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo y Barreiros".

O artigo periodístico continúa facilitando datos que foron proporcionados pola dirección do centro:

"Dentro de las preferencias del alumnado, hay que aludir necesariamente a la electrónica, puesto que nada más ni nada menos que un cuarenta por ciento de los estudiantes reciben las enseñanzas de esta especialidad.

...Entre doscientos cincuenta y trescientos alumnos utilizan el transporte que se organiza a través de la asociación de padres de alumnos (APA), que es la que coordina su financiación y establece rutas y precios".

Á parte do labor educativo do centro un aspecto importante que desenvolve o instituto é a colaboración coas empresas da zona. Aquí vemos dous obxectivos: dar saída profesional ós alumnos e contribuír á formación do persoal laboral das empresas.

No referido Especial adicado ó instituto continúa o artigo informando cos datos que o centro facilita, indicando que:

"Los alumnos que terminan sus estudios tienen un mínimo garantizado de puestos de trabajo, no sólo en empresas de la comarca, sino en exteriores que cuando necesitan técnicos medios acuden a nuestra escuela... Y para mayor profundización, queremos constatar que es nuestro profesorado, en armónica colaboración con la empresa más importante de la comarca, como es Aluminio Español, con quien cuenta para la realización de cursillos extraordinarios para la formación de su propio personal.

Asimismo, colaboramos muy intensamente y gustosamente con todas las empresas en las cuales están implicadas nuestras especialidades, tanto en personal como en material, y, como es lógico, con una doble función".

Consello Escolar - Novo Director
Revista dos Centros de F.P.

A finais do presente curso tamén se crea o Consello Escolar, estando formado polo Director, a Xefa de Estudios, 4 representantes dos profesores, 2 representantes dos pais dos alumnos, 1 representante do persoal non docente, 1 representante do Concello e 2 representantes dos alumnos.

Unha das primeiras tarefas vai ser a elección do novo director do Centro. Isto ocorre o 23 de Xuño de 1986. A mesa electoral esta integrada polas seguintes persoas: Presidente, Evaristo García Fanego (profesor); Secretaria, Cándida Castro Pérez (profesora); Vocal, Antonio Ruiz Hermida (pai).

Realizado o escrutinio, resulta elixido novo director do Instituto José Veiga Candia con 8 votos a favor e 4 en branco. Ese mesmo día elíxense os cargos directivos propostos polo novo director, quedando repartidos da seguinte maneira: Vicedirectora, M.ª Fe Fernández Otero; Xefa de Estudios, M.ª Carmen Fernández Moreda; Secretario, Albino Pernas Barcón; e Xefe de Talleres, Generoso Martínez Míguez.

Ó comezo do novo curso (1986-87), o Consello Escolar volve a reunirse, e nun apartado da Orde do Día infórmase da reunión mantida polos directores dos centros de F.P. da Costa de Lugo (Viveiro, Burela, Foz e Ribadeo).

O director do centro expón ós membros do Consello Escolar o tratado nesa xuntanza, onde os directores acordaran editar unha revista, que levaría por título "Formación Profesional da Mariña", sendo dirixida pola administrativa do Instituto de Foz, que é periodista. Editaranse 1.500 exemplares, cun custe aproximado de 169.000.- Ptas. sendo sufragado integramente polos anuncios que se inserten nela, saíndo desta forma totalmente gratis para os alumnos. O número de páxinas irá en función do número de anuncios.

O primeiro número desta revista é realizado polo noso Instituto, destacando na contraportada dúas imaxes do noso Centro: unha do taller de Metal e outra referente a unha exposición. Na nota insertada no sumario da mesma faise constar que: *"Esta publicación tiene carácter bimestral, y según el acuerdo*

rotatorio adoptado por los Institutos da Mariña, la presente edición ha sido realizada por el Instituto de Formación Profesional de Burela".

Esta é unha actividade extraescolar que lle dá máis vida ós centros de F.P da comarca. O editorial deste número di que os Institutos de F.P. da Mariña poñen a súa máxima ilusión nas actividades extraescolares que se desenvolverán durante o curso. Unha destas actividades é a presente revista que sae á luz por primeira vez, froito da colaboración de todos os estamentos.

No mesmo editorial tamén se especifica que "Esperamos que su lectura resulte fructífera e instructiva como ya lo ha sido el trabajo de elaboración en sí. Estamos dando los primeros pasos para conseguir que nuestros centros se conviertan en verdaderos focos de formación en el más amplio sentido de la palabra. El éxito dependerá de la medida de compromiso de cada uno de nosotros con esta tarea. Desde aquí animamos a nuestros compañeros a contribuir a la misma. Será en beneficio de todos".

Desde logo que a iniciativa deu o seu froito, aínda que durou pouco tempo, saíndo á luz poucos números.

En 1987 a entrada principal do Instituto conta cunha novidade. Trátase dun mural feito na industria cerámica de Sargadelos e que vai servir como elemento decorativo do Centro. Chama a atención polo seu colorido e vistosidade, contrastando co resto da construcción.

Esta obra finánciase cunha porcentaxe das obras de ampliación do Centro, no Pavillón Inferior.

ENTRADA PRINCIPAL

Tamén no curso 1987-1988 o Centro conta cunha emisora de radio e cun laboratorio de fotografía, no Pavillón Inferior, onde os alumnos e profesores realizan distintas actividades que complementan a actividade escolar.

O instituto segue coa súa actividade, pero as ilusións postas na Rama Marítimo Pesqueira non se ven correspondidas coa solicitude desta especialidade por parte do alumnado. Parecía unha contradicción que unha vila mariñeira como Burela non lle prestara máis atención a este campo. E así, a finais do curso 1987-88, no DOG do 28 de Xullo de 1988, anúnciase a supresión no noso Instituto da Rama Marítimo Pesqueira, especialidade en Máquinas.

Pero no seguinte curso recíbese unha grata noticia: ampliación de oferta na Rama de Electricidade e Electrónica, na especialidade de Electrónica Industrial. Aparece comunicada no DOG do 10 de Xullo de 1989. Con esta nova, hai que habilitar unha aula para o taller desta especialidade.

AULA DE ELECTRÓNICA

Década "dos 90": Novos Directores E.S.O. e Ciclos Formativos

Esta década comeza cun novo cambio na dirección. José Veiga Candia deixa o seu posto a M.ª Fe Fernández Otero. Na súa dirección e, debido ó aumento de alumnado, comezouse a informatizar a Secretaría do Instituto. Esta nova etapa dura dous anos.

O 1 de Outubro de 1.992 o Delegado Provincial de Educación nomea directora a Carmen Fernández Moreda, sustituindo a M.ª Fe Fernández Otero, que se traslada ó Instituto de Bacharelato de Foz.

Durante a etapa desta nova directora preséntase a posibilidade de anticiparnos á Reforma educativa, que xa se estaba experimentando nalgún centro da comarca. Esta nova Lei trae consigo a desaparición da Formación Profesional, dando paso ó Ensino Secundario Obrigatorio (E.S.O.) e ós Ciclos Formativos (Medio e Superior).

A decisión de anticiparse á Reforma é difícil e moi discutida pois víanse moitas lagoas, hai moitos interrogantes e non se sabe como van quedar as cousas, sobre todo na estabilidade do profesorado.

Coa aprobación do Claustro de Profesores e do Consello Escolar, decídese levar adiante a Reforma, comezando pola Rama de Electrónica. A Delegación de Educación recolle esta petición e no DOG do día 2 de Xullo de 1993 aparece a publicación da autorización para impartir o 2.° Ciclo da E.S.O.

Periodicamente vai desaparecendo a Rama de F.P. de Electrónica e collendo forza o Ensino Secundario Obrigatorio. As ramas de Metal, Administrativo e Perruquería irán desaparecendo en anos posteriores.

Desde o ano 1994 exerce o cargo de director do Centro Alfredo Llano García. É esta unha etapa de transición do sistema educativo.

Nestes anos implántanse os bacharelatos e os ciclos formativos actuais, e, debido á adscrición de centros e á chegada da Educación Secundaria Obrigatoria, utilízanse parte das instalacións do Colexio Público "Vista Alegre" para impartir clases do Primeiro Ciclo de E.S.O.

A partir da metade da década dos 90 o I.E.S. PERDOURO vai incrementando, curso tras curso, o número de alumnos, conseguíndose sobrepasar a cifra de 600 no curso 98/99. Esto trae como consecuencia un cambio na catalogación do Instituto que pasa de ser de categoría "C" a categoría "D". Esta nova situación favorece as perspectivas de peso e influencia no mundo educativo da zona.

NOMENCLATURA DAS ÁRBORES

O incremento de alumnos débese fundamentalmente á incorporación de unidades do primeiro ciclo da ESO e do incremento da oferta educativa con dous bacharelatos (Tecnolóxico e de Humanidades) e ciclos formativos de grao superior (Electrónica e Administración).

É importante destacar que a procedencia do alumnado antes do ano 1995 era na súa maioría de poboacións esparexidas por toda a Mariña Luguesa, pero a partir dese ano a porcentaxe de alumnos do núcleo de Burela foi en constante aumento sendo, hoxe en día, a poboación que abastece ó 90% de alumnos da ESO.

Para os rapaces e rapazas que rematan estudios de Formación Profesional en calquera das catro Familias que se imparten no centro (Administración, Perruquería, Mecanizado e Electrónica), o Instituto trata de facilitar a súa inserción laboral en empresas da zona aportándolles información e asesoramento laboral. A relación que mantén o Centro Educativo co mundo Empresarial é óptima como queda reflexada no importante número de convenios asinados entre ambas partes para a realización de prácticas na empresa ou desenvolvemento da Formación en Centros de Traballo (FCT).

Asociación Cultural "Os Matos"

No mes de Decembro de 1993 xorde a idea da creación dunha asociación cultural no seo do Instituto para dinamizar as actividades extraescolares do Centro. Un grupo de profesores levan adiante esta idea respaldada polo Claustro de Profesores, o Consello Escolar e a A.P.A. No preámbulo dos estatutos especifícase:

"Os profesores do Instituto de Formación Profesional de Burela, vendo a necesidade de realizar actividades cul turais no Centro e respondendo a suxerencias dos alumnos, toman a iniciativa de constituír unha Asociación Cultural.

Esta Asociación nace co desexo de fomentar un clima cultural propicio para o desenvolvemento de actividades que completen as funcións académicas.

Contando co respaldo do Claustro de profesores, do Consello Escolar e da A.P.A. esta Asociación fixará o seu Local Social nas instalacións do Centro de Formación Profesional, tendo como ámbito de actuación a bisbarra da Mariña de Lugo, con proxección ó resto da Comunidade Galega e a todo o Territorio Español.

Esta Asociación estará aberta a calquera iniciativa cultural que se desenvolva, á marxe das propostas por ela mesma".

Convócase no Centro un concurso para poñer nome e deseñar un logotipo, resultando elixido o nome de "Asociación Cultural Os Matos".

No mes de Xaneiro de 1994 redáctanse os estatutos e o Goberno Civil de Lugo inscribe a Asociación Cultural no Rexistro Provincial de Asociacións, na Sección Primeira e co número 1.409.

A Xestora da Asociación convoca Asemblea de socios para elixir Xunta directiva, quedando esta formada por: Presidente, Antón Niñe Fernández; Secretaria, Nieves Cando López; Vocais, M.ª Teresa Fernández Lestegás e Delfín Maurín Álvarez.

Os promotores da Asociación Cultural xa viñan traballando nalgunhas actividades culturais desde o curso pasado. Foi nese ano (1992-1993) cando se celebrou a Primeira Semana Cultural. Como era a primeira vez que se celebraba e non había experiencia os actos só duraron 3 días, pero, debido á súa boa acollida, no curso seguinte (1993-1994), xa se ampliou a toda a semana.

É neste curso (1993-1994) cando a A.C. "Os Matos" (xa legalizada) organiza a II Semana Cultural.

No seu programa incluíanse varios actos:

- *Exposición de pintura - escultura sobre "Os Dereitos Humanos" (Siro López)*
- *Sesión de Mimo*
- *Conferencia sobre Medio Ambiente*
- *Charla - coloquio sobre Primeiros Auxilios*
- *Talleres de fotografía, vídeo e tempo libre*
- *Marcha ciclista a Sargadelos*
- *Subida a pé ó Monte Castelo e xantar popular*
- *Xogos populares*

O éxito foi grande. A participación de alumnos e profesores foi numerosa e a Exposición sobre "Os Dereitos Humanos", celebrada na Casa da Cultura de Burela, "foi a exposición máis visitada das celebradas ata agora nesta sala de exposicións", segundo palabras do responsable da instalación.

Debido á boa aceptación destes actos, a Semana Cultural do Instituto vense celebrando con regularidade ata hoxe.

Outro froito das xestións levadas adiante pola Asociación Cultural foi a doazón de diversos lotes de libros para a biblioteca do Instituto por parte de diversas institucións.

EXPOSICIÓN SOBRE "OS DEREITOS HUMANOS"

1994 / 1995

Intercambio con alumnos portugueses

Revista "Maruxía"

No curso 1994-1995 inicíase unha experiencia nova no noso centro. A iniciativa do profesor Isidoro Padín de levar a cabo un intercambio cultural con alumnos universitarios portugueses faise realidade.

Do 6 ó 18 de Novembro deste curso os nosos alumnos viaxan a Ponte de Lima (Universidade Fernando Pessoa). A súa experiencia relátaa un dos alumnos no n.º 0 da Revista "Maruxia":

NOVEMBRO, 16

Dende a fiestra do autobús todos viamos descorre-la paisaxe matutina desta terra nosa gobernada polos cumios e vixiada polo Cantábrico. Partiramos ás 9:00 da mañá cara a Portugal, concretamente a Ponte de Lima, para todos nós descoñecida ata entón, agás para Isidoro Padin, a persoa que fixo posible este convivio que íamos ter con estudiantes portugueses. Na partida todo o noso corpo estaba cheo de impaciencia.

Como a viaxe foi tranquila, non nos quedaba máis ca ser puntuais, e, a media tarde, todos vimos como se levantaba á nosa esquerda a vella ponte do río Lima que lle dá o nome a esta antiga e fermosa cidade. Fomos recibidos na Sala da Asemblea Municipal de Ponte de Lima, onde as autoridades anfitrionas e o noso mestre, exercendo a función de representante, Isidoro Padín, mantiveron unha charla co obxecto de entablar amizade. Ó comenzo sentiamonos condicionados polo idioma, mais o que é universal, o dos xestos, fixonos comprender que aquela xente era moi semellante a nós. A partir deste momento todo foi unha sucesión de amabilidade e de bos xestos por parte dos nosos amigos, xa que nos agasallaron con presentes, convidáronnos a xantar e a participar nas súas actividades cotiás.

NOVEMBRO, 17

Pola maná cedo viaxamos todos xuntos no noso autobús cara a Braga, onde visitamos a Catedral, a Rúa do Souto, o monte Bom Jesus, dende onde se contemplaba a cidade, e por último partimos para Vila Verde onde nos ofreceron un almorzo. Despois de ter comido ben, embarcamos outra vez para ponte de Lima, onde escoitamos un painel do Dr. Carlos Fernandes (Universidade Fernando Pessoa) e de Isidoro Padín, do I.F.P. de Burela que trataba sobre A Economía Galaico Miñota.

Logo de ter asumidos certos puntos, antes descoñecidos, por certo, sobre a nosa economía e a situación político-económica con respecto a Portugal, aplaudimos e marchamos cara ás solares de Baco. Logo ceamos e algúns de nós cantamos e outros conversabamos entre nós, tanto con Michelena coma con Carlos, o noso chófer. E dende a cea partimos para a cercana Viana do Castelo, e despois dalgunhas visitas, agardamos á noite para poder disfrutar do ambiente de "marcha" daqueles rapaces. Todos pasamos a noite na Discoteca "Viana sor", onde uns máis cós outros, logramos disfrutar da música, do baile, e de todas esas cousas referentes á "marcha".



ALUMNOS DO CENTRO EN PORTUGAL

Na primavera de 1995 os alumnos portugueses devolven a visita. Logo de coñecer o centro e de ser recibidos polas autoridades locais, visitan o porto. Durante a súa estancia entre nós, varios profesores acompañan ós visitantes pola comarca. Visitan distintos lugares de interese: Catedral de San Martiño, Finca Galea, Sargadelos, Ribadeo, Viveiro... Burela e o seu porto.

A experiencia foi moi positiva, repetíndose esta no curso seguinte con alumnos do Centro de Formación Agrícola e a Universidade Fernando Pessoa.

O director do centro de Formación Agrícola, Augusto Domínguez, estaba satisfeito de facer esta experiencia, exprésao á prensa o 25 de maio de 1996: *"é unha experiencia moi agradable, xa que se trata de dúas identidades diferentes pero ó mesmo tempo parecidas, que cada vez se están xuntando máis.... o obxectivo é coñecer novas realidades agrícolas e turísticas, aprender un pouco de Galicia e a través deste coñecemento intentar que o noso pobo avance. Cheguei á conclusión de que o Norte de Portugal e Galicia están chegando a ter o mesmo nivel".*

Para Tito Morais, coordinador do grupo universitario (5° Curso de Relacións Públicas), a finalidade desta viaxe está cumprida, "xa que ano a ano imos adquirindo coñecemento da economía de Galicia e comparando a disciplina dos centros que son moi similares".

Tamén neste curso 1994-1995 nace a revista "Maruxía", editada pola A.C. "Os Matos". O seu nome é froito dun concurso celebrado no centro.

O Director do centro, Alfredo Llano, na Editorial do N.º 0 que viu a luz na primavera daquel curso, dí: *"Entendendo que a comunidade escolar non debe estar restrinxida ó puramente académico, a educación debémola contemplar como algo global onde os alumnos e profesores poidan expoñer a súa creatividade, cultura, inquedanzas e afeccións, dunha maneira libre en beneficio dunha sociedade máis culta e comprometida.*

Hoxe tes nas túas mans o primeiro número dunha revista que serve como órgano de expresión de alumnos e profesores do Instituto de Formación Profesional de Burela.

Nela aparecen temas moi variados pero todos eles teñen algo en común: ilusión e rigor.

Ilusión, porque estou seguro que cada liña escrita en cada artigo contén unha dose de emoción do seu autor ou autores ó saber que están contribuíndo nunha obra que vai ser lida polos seus compañeiros, pais, amigos, veciños....

Rigor, porque tódolos contidos se trataron cunha seriedade especial. Seriedade exercida para ofrecer un producto de calidade. Non hai un só desperdicio en cada artigo tratado.

COLABORADORES DA REVISTA "MARUXÍA"

En fin, só me resta amosa-la miña satisfacción e agradecemento a tódalas persoas que dalgunha maneira fixeron posible esta publicación. Ó mesmo tempo teño a esperanza de que sexa o primeiro paso dun longo paseo".

Na súa presentación, 27 de Marzo de 1995, día da inauguración da "III Semana Cultural", o Presidente da Asociación Cultural, Antón Niñe, expresa a ledicia pola saída á luz desta publicación:

"Cando se inicia un proxecto, e máis se é de tipo cultural, a ilusión que se vive nun principio é moi grande. Pero creo que aínda é máis grande a satisfacción que se sente cando ese proxecto chega a facerse realidade.

E esta é a realidade que hoxe celebramos: a saída á rúa do primeiro número da Revista do Noso Instituto: MARUXÍA.

Como membro da directiva da Asociación Cultural "os Matos", editora da revista, teño que sentirme, de feito síntome, contento por esta publicación, xa que é froito dun labor calado, sinxelo, teimoso e humilde, pero coa esperanza posta no traballo, na entrega e dedicación dunhas persoas que mostraron interese, que dedicaron o seu tempo e a súa ilusión para que a revista saíra adiante.

Como todos poderedes comprobar cando a leades, trátase dunha revista sinxela, humilde, pero chea de vida.

Maruxía contén artigos variados, con temas relacionados co mundo da cultura, da historia, da economía, da gastronomía, etc.

Hai que dicir tamén que neste proxecto traballaron moitas persoas: uns escribindo os artigos, outros deseñando a portada, outros buscando publicidade para financiar a revista e outros coordenando o traballo desde a mesa de redacción. A todos eles, a todos, a nosa gratitude pola súa entrega e polo seu esforzo.

Tamén queremos dar as gracias ó Concello de Burela e á Deputación Provincial pola súa axuda, así como ós establecementos comerciais, empresas e organismos que publicaron os seus anuncios na revista, xa que sen a súa colaboración este proxecto non sairía adiante.

Para rematar só dicir que esto ten que ser un orgullo e un estímulo para todos e que nos debe levar a continuar e a mellorar o camiño que este ano empezamos.

Moitas gracias a todos".

A revista é distribuída a todos os alumnos do centro, a distintas entidades do Concello e a centros de ensino da comarca.

Tamén se participa en varios concursos a nivel galego, recibindo na primavera de 1999 en Ourense o primeiro premio á mellor portada deseñada dunha revista escolar dentro do Concurso "Gaiola Aberta". Este concurso de prensa escolar pretende potenciar a creación de edicións

periódicas nos centros de ensino e animar ós rapaces a escribir, ler e ilustrar.

A autora galardoada é a alumna de 3° de E.S.O. -A- Sagrario Ramos Río, polo seu traballo ilustrado no N.° 4 da nosa revista.

Na actualidade "Maruxía" segue tendo unha periodicidade anual.

Outra publicación periódica da Asociación, tamén anual, é a edición de diversos tripticos de temas variados. Ata a data son catro os editados: "Refráns mariñeiros" (Do tempo; dos peixes; de mariñeiros, barcos e outros; de Deus e dos santos; e de lugares), "Medallistas olímpicos galegos", "O Románico no norte da Provincia de Lugo" e "Faros e balizas da Mariña".

Todos eles tiveron unha moi boa acollida facéndose eco de todas as publicacións os diversos medios de comunicación.



PORTADA REVISTA N.º 4

Bacharelato - Novos Ciclos
Cine Clube

O Instituto mantén a súa actividade. Proba diso é que moitos son os alumnos que pasan polas súas aulas. Parte deles proceden de Burela e outra parte veñen de poboacións veciñas. Isto é un feito importante que fai que os rapaces/as teñan unhas boas relacións.

Estas póñense de manifesto ó comezo da mañá nos arredores do instituto cando chegan varios autobuses de transporte escolar que traen ás súas instalacións ós alumnos. Así se inicia a comunicación entre os xoves estudiantes.

Tamén pasan polo Centro profesores de diferentes lugares da nosa xeografía galega e doutras comunidades. Uns son interinos e exercen o seu labor docente durante un período máis ou menos curto, e outros adquiren a súa praza definitiva.

Co seu transcorrer cotián o Instituto vai seguir ampliando a oferta educativa: os novos bacharelatos. Así temos que no DOG do día 31 de Outubro de 1995 infórmase da implantación no noso centro do Bacharelato de Tecnoloxía, que logo será ampliado co Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

Neste curso (1995-1996) tamén se oferta no noso Centro o primeiro ciclo medio da nova Lei de Educación: Ciclo Medio de Electrónica (Equipos Electrónicos de Consumo).

PROFESORADO CURSO 1995-1996

Un novo proxecto cultural comeza en Decembro de 1995. Promovido pola Asociación Cultural "Os Matos" iniciase o **Cine Clube "Os Matos"**.

Para levar adiante este proxecto a directiva da Asociación Cultural ponse en contacto con Vicente Sempere, un traballador de Alúmina Aluminio, gran afeccionado ó cine, que se mostra moi ilusionado coa iniciativa e presta unha total e desinteresada colaboración.

Este home xa colaborara co noso instituto na III Semana Cultural impartindo unha charla sobre o mundo do cine, coincidindo co centenario da sétima arte. E tamén nos organizou unha exposición de fotografías e pósters sobre este tema.

Na inauguración daquela exposición, o Presidente da Asociación Cultural presentábao con estas palabras:



VICENTE SEMPERE

Vicente Sempere é un madrileño afincado desde hai anos en Foz.

É o Presidente da Asociación "O FEITIZO" - Amigos das Artes.

Vicente é un home preocupado pola cultura. Sempre está "enfrascado" en proxectos culturais. Ten unha grande afección ó cine.

Como anécdota poido dicir que, case sen darse conta, fixose cun verdadeiro "patrimonio documental" de fotografías e pósters das grandes producciónes de Samuel Bronston, nas que el participou no apartado artístico, e que hoxe temos o orgullo e a satisfacción de presentarvos.

Poderemos observar imaxes das películas, dos preparativos, da rodaxe de distintas accións, así como de visitas de personalidades.

Creo que disfrutaremos todos vendo a actores e actrices como: Charlton Heston, Ava Gadner, Sofía Loren, John Wayne...

Esperamos que a exposición sexa do agrado de todos".

A nova proposta cultural do Cine Clube do noso Instituto conta coa colaboración do Concello de Burela e do Instituto Monte Castelo. As proxeccións teñen lugar no Cine Mon da nosa localidade. Os seus dirixentes móstranse receptivos e dan tódalas facilidades para que o Cine Clube cumpra os seus obxectivos.

Para as distintas proxeccións está previsto o seguinte esquema:

1.- Presentación da película.
2.- Proxección do filme.
3.- Coloquio entre os asistentes. A presentación e a moderación do coloquio corre a cargo de Vicente Sempere.

A prensa xoga un papel importante na divulgación desta actividade e presta unha especial atención para informar dos pases das películas.

A primeira proxección ten lugar o día 4 de Decembro.

Ó día seguinte da presentación do Cine Clube pode lerse na prensa:

"Más de medio centenar de personas asistieron a primeras horas de la noche de ayer a la presentación del Cineclub Os Matos, celebrada en el Cine Mon de Burela. El colectivo nace como una actividad extraescolar de la Asociación Cultural Os Matos, creada en el Instituto de F.P. de Burela. Aún así sus promotores pretenden afianzarlo para, impulsando la afición por el séptimo arte en todos los sectores de la sociedad, convertir a Burela en punto de encuentro de los cinéfilos de A Mariña.

Manuel Mur Oti, veterano director de cine, había confirmado su presencia ayer en Burela, para respaldar la presentación pública del Cineclub Os Matos. Pero con 87 años a sus espaldas, un ataque de artitris y los consejos médicos le obligaron a dejar de lado su deseo personal y no pudo desplazarse desde Madrid, donde vive.

Alfredo Llano y Vicente Sempere, cabezas visibles del Cineclub, se ocuparon de transmitir las disculpas del director al público que anoche asistió a la proyección de la película "Cielo negro", dirigida por el propio Mur Oti. Como demostración de su interés por acudir al homenaje que le brindaba el Cineclub Os Matos, Sempere y Llano destacaron que del filme solo existe la copia proyectada anoche, que estuvo en Burela gracias a las gestiones del propio Mur Oti ante la Filmoteca Nacional. A la película le siguió un coloquio.

Con la colaboración del Concello de Burela y del burelés instituto de BUP Monte Castelo, el Cineclub "Os Matos" proyectará dos películas más este mes. Aunque las fechas están pendientes de decidir, ambas tendrán lugar en martes.

Aprovechando su presentación pública, la asociación de cinéfilos realizó una campaña para captar socios y otra para conocer las preferencias del público con el propósito de diseñar el programa de películas que proyectarán hasta junio".

Na actualidade o Cine Clube segue adiante. A principios de curso mantéñense unha serie de reunións entre o coordinador, o director do centro e o presidente da Asociación Cultural para prepara-la temporada e ver as películas disponibles.

As proxeccións son abertas ó público contando cunha boa acollida e acudindo veciños non só de Burela, senón tamén de toda a Mariña.

Adscrición
Nome I.E.S. "Perdouro"

No seguinte curso (1996-1997), danse a coñecer as distintas adscricións de colexios públicos a institutos de ensino medio. O "Colexio Público Virxe do Carme", ubicado na zona dos Castros, queda adscrito ó noso centro.

Os ciclos superiores comezan a súa andadura no curso 1997-1998 coas especialidades: "Desenvolvemento de Productos Electrónicos" e "Administración e Finanzas".

É neste mesmo curso cando se recibe unha circular da Consellería de Educación na que se di que lle hai que poñer un nome ó centro, xa que estes centros pasan a ser "Institutos de Educación Secundaria". Pídese a colaboración a profesores, alumnos e pais para buscar un nome para o centro. Varios profesores preocúpanse deste tema informándose de topónimos do lugar e buscando información sobre algunha persoa de Burela que destacase na vida social e cultural do Concello. Despois de barallar varios nomes, o Consello Escolar decide propoñer o nome de I.E.S. "PERDOURO"- topónimo de Burela - e envialo á súa aprobación pola Consellería, que finalmente vai ser aceptado.

I.E.S. "PERDOURO" - DECEMBRO 1998

Actualidade

No presente curso (1998-1999) as novidades son varias. Por unha banda temos a incorporación de alumnos e profesores de 1.º e 2.º de E.S.O. ó noso centro pero que por motivos de falta de espacio desenvolven a súa actividade escolar nas dependencias do "Colexio Público Vista Alegre", situado moi preto do noso centro; e por outra banda o instituto oferta dous novos ciclos medios: Mecanizado e Perruquería.

1.º E 2.º DE E.S.O. ALUMNOS E PROFESORES - OUTUBRO 1998

Con estas últimas novidades, os datos actuais do noso Centro son os seguintes:

- Alumnos: 603
- Profesores: 57
- Cursos: 27

Niveis Educativos:

* E.S.O.: 10 Unidades - 3 en 1.°
2 en 2.°
3 en 3.°
2 en 4.°

**** Formación Profesional:***

- F.P. 1 (2.°) Perruquería e Metal
- F.P. 2 (2.° e 3.°) Metal
(1.°, 2.° e 3.°) Administrativo

**** Bacharelatos:***

- Tecnolóxico (1.° e 2°)
- Humanidades-Ciencias Sociais (1°)

**** Ciclos Format. de Grao Medio:***

- Mecanizado
- Perruquería
- Equipos Electrónicos de Consumo

**** Ciclos Format. de Grao Superior:***

- Administración e Finanzas
- Desenvolv. Productos Electrónicos

Os datos referidos ó alumnado e ós Concellos de procedencia quedan como segue:

- Burela.....365 alumnos/as - 60.5%
- Cervo ..... 76 " " - 12.6%
- Foz ..... 68 " " - 11.3%
- Alfoz-Valadouro..47 " " - 7.8%
- Outros lugares...47 " " - 7.8%

Total Alumnos/as..603

En canto ó profesorado, a plantilla do presente curso é a seguinte:

- 37 Profesores/as Ensino Secundario
- 12 Profesores/as técnicos de F.P.
- 8 mestres/as

Por departamentos, a distribución é a seguinte:

- Lingua Española .. 3 Profesores/as
- Lingua Galega ..... 4 " "
- Inglés ..... 3 " "
- Francés .....1 " "
- Ciencias Sociais ...3 " "
- Cienc. Naturais ....3 " "
- Matemáticas ..... 3 " "
- Física e Química ... 2 " "
- Debuxo ..... 2 " "
- Educación Física ....2 " "
- Tecnoloxía .....1 " "
- Música .....1 " "
- Filosofía .....1 " "
- Relixión ..... 2 " "
- Administrativo ..... 7 " "
- Electrónica .....9 " "
- Metal .....4 " "
- Perruquería .....3 " "
- F.O.L. .....2 " "
- Ped. Terapéut.-Esp...1 " "

TotalProfesores/as.....57

O personal non docente que traballa no Centro está composto por unha auxiliar administrativa, dúas subalternas e dúas limpadoras.

En canto á organización interna do alumnado, no 1° ciclo da E.S.O. os alumnos/as cursan como materia a 2.ª lingua estranxeira (neste caso, Francés). No 2° ciclo e, en concreto, no 3° ano, dous grupos cursan a optativa de Ciencias Medioambientais e da Saúde e o 3° grupo ten alumnos/as desta optativa e outros que cursan Técnicas de Expresión Escrita. Polo que se refire ó 4° ano da E.S.O., un grupo cursa as seguintes materias troncais e optativas: Física e Química, Tecnoloxía, Educación Plástica e Visual e Iniciación Profesional á Electrónica e Electricidade ou Iniciación Profesional á Tecnoloxía Informática. O outro grupo cursa: Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Música e, tamén, algunha das dúas Iniciacións Profesionais antes mencionadas.

No Bacharelato LOXSE e dentro do 1° curso, os alumnos/as están repartidos en dúas modalidades: Tecnoloxía e Humanidades-Ciencias Sociais. Os alumnos do 1° tipo cursan a optativa de Bioloxía e Xeoloxía e os do 2° tipo a de Ética e Filosofía do Dereito. Para as materias comúns, estes alumnos/as forman un só grupo.

No 2° curso só contamos con alumnos/as da modalidade de Tecnoloxía posto que a de Humanidades-Ciencias Sociais comezou a impartirse este ano. Os alumnos/as deste 2° cursan os dous itinerarios:

- a) con Matemáticas II, Física e Debuxo Técnico como materias propias da modalidade e Electrotecnia e Mecánica como optativas.

- b) con Tecnoloxía Industrial II, Electrotecnia e Mecánica como propias da modalidade e Matemáticas II e Física como optativas.

En canto á Formación Profesional tradicional, este ano deixouse de impartir 1° de FP-1 das ramas de Metal e Perruquería, 2° de FP-1 da rama de Administrativo e 1° de FP-2 da rama de Metal pola implantación gradual dos novos estudios da E.S.O. e F.P. específica de grao medio.

Dentro desta última, comezan este ano dous novos ciclos de grao medio (amais da renovación do xa existente de "Equipos Electrónicos de Consumo") das familias de Metal e Perruquería.

As clases teñen lugar de luns a venres en horario de mañá de 9 a 13,40 (para a maioría dos cursos) e de 9 a 14,30 (para determinados grupos como: 3.° F.P. 2 das distintas ramas de F.P. -para facilitarlles a realización das prácticas en alternancia polas tardes- e os ciclos de "Administración e Finanzas" e "Perruquería", tamén algúns días) e en horario de tarde de 15,45 a 18,15 (agás os venres).

Obxectivos - Actividades

Dentro da Programación Xeral do Centro podemos destacar algúns apartados en canto a Obxectivos Específicos, tales como:

- Integrar ós alumnos/as de 1.º e 2.º da E.S.O. que se incorporan por primeira vez á organización do Instituto.

- Consolidar e potenciar os Ciclos Formativos de grao medio e superior prestando atención ás necesidades dos que comezan este curso (Mecanizado e Perruquería).

- Consolidar e potenciar os dous Bacharelatos (Tecnolóxico e de Humanidades).

- Asesorar e orientar ós alumnos/as de F.P. 1 para que se integren no novo sistema educativo.

- Conseguir unha convivencia motivadora e respectuosa entre todo o persoal do Instituto.

- Implicar a todos os sectores (APA, alumnos/as, profesores/as, entidades, etc.) na boa marcha do Instituto.

- Manter boas relacións con empresarios e entidades de emprego e mellorar e ampliar os convenios para a realización da FCT.

- Mellorar instalacións, aulas e material escolar.

- Realizar un bo número de actividades complementarias e extraescolares.

- Cursiños de actualización para profesores/as.

- Mellorar os medios de comunicación con Internet e Redes da Xunta de Galicia.

Para a realización de cursiños de actualización do profesorado o Centro ten recursos propios empregando material da dotación para os Ciclos Formativos: hai tres aulas de informática, dúas conectadas a Internet.

Tamén está previsto que se realicen cursiños de Emprego que serán impartidos pola CEL.

En canto ás actividades, a maioría realízanse fóra das horas lectivas. Entre elas podemos citar:

- Magosto.
- Saídas á natureza:
  * Recollida de cogumelos
  * Visitas a lugares do arredor
- Actos no Nadal
- Festa de San Xoán Bosco
- Semana do Medio Ambiente
- Semana Cultural:
  * Exposicións
  * Videoclube
  * Conferencias
  * Deportes
  * Subida ó Monte Castelo
  * Desfile de Perruquería
  * Talleres
  * Recital literario
- Día das Letras Galegas
- Obradoiros
- Publicación da revista "Maruxía"
- Excursións
- Radio escolar
- Cineclube
- Xardinería
- Teatro, Conferencias, exposicións, deportes... ó longo do curso.

ALUMNOS/AS NO CEBREIRO

CONFERENCIA DE MARICA CAMPO

GALA DE PERRUQUERÍA

Organización de espacios - Planos

A estructura de niveis educativos e cursos organízanse espacialmente en catro edificios. O 1.º Ciclo da E.S.O. ocupa unha parte de C.E.I.P. Vista Alegre e usa determinadas instalacións do noso Centro (aula de Educación Plástica e aula de Tecnoloxía). O resto dos grupos instálanse nos seguintes espacios:

* Pavillón central: conta con 11 aulas teóricas, un laboratorio de Ciencias/Física e Química, unha aula de Inglés, unha aula de música e unha biblioteca (ocupada algunhas horas á semana para impartir certas clases).

* Pavillón inferior: conta con 3 aulas teóricas, un ximnasio, unha aula de Educación Plástica, unha aula de Xestión Administrativa, un taller de Perruquería, unha aula de Mecanografía/Informática, dous talleres de Electrónica e unha aula de Electrónica-Informática.

* Pavillón superior: unha aula de Tecnoloxía de E.S.O., un taller de Electricidade, unha aula de Tecnoloxía de Metal e dous talleres de Metal (para F.P. e ciclo formativo).

LABORATORIO



PAVILLÓN INFERIOR





PAVILLÓN CENTRAL



Primeira Planta



PAVILLÓN SUPERIOR

Planta Baixa



Os nosos directores e as súas opinións

1.978 - 1.986

- ***Nome:*** César Aja Mariño
- ***Lugar de nacemento:*** Covas (Viveiro)
- ***Familia:*** Casado - Tres fillos
- ***Profesor de:*** Matemáticas
- ***Anos de profesión:*** 20
- ***Destinos antes de Burela:*** Ningún
- ***Destino na actualidade:*** Burela
- ***Cursos na dirección:*** 8
- ***Outros cargos directivos:*** ningún
- ***Comentario sobre a experiencia na dirección:***

A experiencia, en liñas xerais, foi grata, aínda que ó comezo tivemos moitas dificultades debido á falta de material na súa totalidade, compartir os locais do Centro co Instituto de Bacharelato e a escasez de profesorado.

Non obstante, pouco a pouco foise dotando ó Instituto de material, incrementando alumnos e, consecuentemente, o profesorado. Tamén foron aumentando os locais e as especialidades ata 1986, ano en que pasei a servicios especiais, quedando o Centro cuns 400 alumnos.

1.986 - 1.990

- ***Nome:*** José Veiga Candia

- ***Lugar de nacemento:*** Viveiro

- ***Familia:*** Casado - 5 fillos - 4 netos

- ***Profesor de:*** Prácticas de Metal

- ***Anos de profesión:*** 34

- ***Destinos antes de Burela:*** Viveiro, Huesca e Ferrol.

- ***Destino na actualidade:*** Burela

- ***Cursos na dirección:*** 4

- ***Outros cargos directivos:*** Subdirector

- ***Comentario sobre a experiencia na dirección:***

Empezamos con 70 alumnos e no Claustro só eramos uns 6 ou 7 profesores, pero moi unidos.

Recordo que os primeiros anos foron duros e difíciles. Había na zona un gran centro de Formación Profesional en Viveiro e competir con eles non era doado. Tivemos que ir de casa en casa, de aldea en aldea, de pobo en pobo, de parroquia en parroquia, informando á xente sobre as posibilidades que tiña a Formación Profesional para os rapaces. Visitamos moitos lugares do arredor, chegando incluso ata a provincia de A Coruña - Cariño -. E pouco a pouco fomos dando a coñecer o Centro. Iso trouxo consigo un aumento do alumnado, chegando na miña época de director ata os 600 alumnos. Foi unha etapa estupenda.

Tamén houbo momentos decepcionantes, como por exemplo cando se cerrou a Rama Náutico-Pesqueira por falta de alumnos. Nós viamos unha gran posibilidade nesta rama, xa que a poboación vivía de cara ó mar, pero non obtivo a resposta axeitada.

Recordo que nos primeiros anos o Instituto de Formación Profesional e o Instituto de Bacharelato compartiamos o edificio central, e algunhas clases tamén tiñan lugar nuns baixos dun edifico cercano ó Centro.

1990 - 1992

- ***Nome:*** M.ª Fe Fernández Otero
- ***Lugar de nacemento:*** Lourenzá
- ***Familia:*** Casada - 3 fillas
- ***Profesor de:*** Matemáticas
- ***Anos de profesión:*** 20
- ***Destinos antes de Burela:*** Ponteareas e Vigo (Meixoeiro)
- ***Destino na actualidade:*** Foz
- ***Cursos na dirección:*** 2
- ***Outros cargos directivos:*** Vicedirectora
- ***Comentario sobre a experiencia na dirección:***

Fun nomeada Directora pola Delegación Provincial de Educación en xullo do 90 e, un ano máis tarde, elixida por votación no claustro. Empezou así unha etapa difícil na que comezamos por informatizar a Secretaría, cousa moi necesaria dado que o número de alumnos ía en aumento. Á parte da escaseza de aulas, era moi notorio o escaso presuposto con que funcionabamos e, como é lóxico, había que facer fronte ás necesidades crecentes e de modernización que plantexaban os "talleres".

De tódolos xeitos. foi unha etapa marabillosa, da que teño gratos recordos e da que gardo moi bos amigos.

Teño que dicir que o mérito do traballo realizado non era meu, senón do conxunto do equipo directivo co que traballei.

1.992 - 1.994

- ***Nome:*** Carmen Fernández Moreda
- ***Lugar de nacemento:*** Foz
- ***Familia:*** Casada - 2 fillos
- ***Profesora de:*** Procesos de Xestión Administrativa
- ***Anos de profesión:*** 20
- ***Destinos antes de Burela:*** Foz e Guitiriz
- ***Destino na actualidade:*** Burela
- ***Cursos na dirección:*** 2
- ***Outros cargos directivos:*** Xefa de Estudios e Vicedirectora
- ***Comentario sobre a experiencia na dirección:***

Fun nomeada como Directora do I.E.S. Perdouro (antes Instituto de Formación Profesional de Burela) polo Delegado Provincial de Educación o 1 de Outubro de 1992 e durante o meu curto mandato recordo que se nos plantexou a posibilidade de anticiparnos á Reforma Educativa, para o cal tiñamos que ir eliminando, ano a ano, a rama de Electrónica, ir implantando a Educación Secundaria Obrigatoria e solicitar Ciclos Formativos. Foi unha decisión difícil e moi discutida, pois aínda non se sabía realmente como quedarían as cousas, sobre todo a estabilidade dos profesores que tiñan praza fixa neste centro.

Ó final, coa aprobación do Claustro e do Consello Escolar, decidiuse abrir paso á Reforma neste instituto e a consecuencia, moi positiva, estase vendo na actualidade coa oferta que temos en canto a Baharelatos e Ciclos Formativos.

As dificultades coas que me encontrei foron de espacio (había poucas aulas), de material e incluso de profesorado, pois non nos enviaban todos os que realmente necesitabamos.

Fixéronse varias reformas para conseguir máis aulas (poñer tabiques en aulas grandes, cambiar a oficina e o despacho do secretario para poñer unha aula de informática, a oficina pasouse para o bar, o taller de electrónica do pavillón de arriba dividiuse e fixose unha aula de Tecnoloxía, etc.)

Desde 1.994...

- ***Nome:*** Alfredo Llano García
- ***Lugar de nacemento:*** A Fonsagrada
- ***Familia:*** Casado - Dous fillos
- ***Profesor de:*** Ciclos Formativos da Familia de Electricidade e Electrónica
- ***Anos de profesión:*** 16
- ***Destinos antes de Burela:*** Ferrol e Carballo
- ***Destino na actualidade:*** Burela
- ***Cursos na dirección:*** 5
- ***Outros cargos directivos:*** Xefatura de departamento
- ***Comentario sobre a experiencia na dirección:***

Como dificultade podo dicir que non é fácil estar na dirección nunha época de transición do sistema educativo, pero, ó mesmo tempo, é interesante e ilusionante.

Como logro a destacar citaría a implantación con garantía de calidade e oferta en bacharelatos e ciclos formativos.

Tamén é de destacar a boa relación e a colaboración do Instituto con todos os estamentos de Burela, facéndonos partícipes en diversos acontecementos, como por exemplo Expomar.

En canto a carencias no Centro teño que dicir que son todas aquelas derivadas dun edificio vello. Gustaríanos contar con salón de actos, máis aulas, instalacións deportivas, seminarios, etc.

Profesores Veteráns

- ***Nome:*** Generoso Martínez Míguez

- ***Lugar de nacemento:*** Celeiro (Viveiro)

- ***Familia:*** Casado - 1 Fillo

- ***Profesor de:*** Prácticas de Metal

- ***Anos de Profesión:*** 31

- ***Ano de comezo no noso centro:*** 1979 - Curso 1979/1980

- ***Destinos antes de Burela:*** Viveiro e Ortigueira.

- ***Experiencia:***

Recordo que os comezos non foron doados. Eramos poucos profesores e a xente non coñecía os estudios de Formación Profesional. Os profesores tivemos que facer propaganda do Instituto polos colexios da zona. Dabamos charlas sobre a F.P. e informabamos das saídas que tiñan estes estudios. Tamén levabamos traballos feitos no centro para expoñerllelos ós rapaces e que eles mesmos visen o que se podía facer aqui.

- ***Diferencia entre os primeiros anos e a actualidade:***

Nos primeiros anos o ambiente era máis familiar. Ó ser poucos profesores coincidiamos máis tempo na sala de profesores e o contacto era máis fluido. Agora perdeuse ese contacto tan directo. Aumentou a plantilla e os horarios son distintos. Ó principio había moitas carencias en canto a material. Agora melloraron as instalacións e xa non hai tanta escaseza de medios e de material.

- ***Desexos para o futuro:***

Gustaríame que a Formación Profesional fose máis técnica, máis específica para profesións determinadas.

Profesores Veteráns

- ***Nome:*** Cándida Castro Pérez
- ***Lugar de nacemento:*** Cordido - Foz
- ***Familia:*** Casada - 2 fillos.
- ***Profesora de:*** Prácticas Administrativas.
- ***Anos de profesión:*** 19
- ***Ano de comezo no noso centro:*** Curso 1979-80
- ***Destinos antes de Burela:*** Ningún. Empecei aquí.
- ***¿Cargos directivos no centro?.*** Fun a Secretaria un ano.
- ***Experiencia.***

É unha experiencia positiva e agradable. Recordo moitos cambios. Ó principio eramos poucos profesores, uns 6 ou 7. A miña primeira aula foi a biblioteca. Naquel tempo encontreime sendo unha profesora sen medios, sen máquinas de escribir. Vivín todo o proceso de mellora de medios: desde as primeiras máquinas manuais, pasando polas máquinas electrónicas... ata os actuais ordenadores. Nos primeiros anos eramos como unha familia, xa que ó ser poucos profesores tiñamos máis contacto e viamonos máis a miúdo. Agora somos moitos máis. Os horarios son distintos e non sempre coincides cos compañeiros e non tes a oportunidade de falar ou compartir uns momentos con eles.

- ***Diferencia entre os primeiros anos e a actualidade.***

Como xa comentei antes, é de destacar a diferencia de medios entre os primeiros anos e a actualidade. Houbo algún ano que se tivo que habilitar unha -"caracola"- como aula para poder impartir clases. Tamén é de destacar que ó principio compartiamos o centro co Instituto de B.U.P. ata que se construíu o novo centro de Bacharelato e entón xa puidemos dispoñer de máis espacio. Agora dispoñemos de máis medios materiais e humanos e iso repercute na mellora e calidade do ensino.

- ***Desexos para o futuro.***

Que siga mellorando en todos os niveis: profesorado, oferta educativa, medios, instalaciós, entorno... Tamén desexo que haxa motivación por parte dos alumnos e que estes esixan ó profesorado unha mellor formación.

Ex-Alumno e na actualidade Profesor

- ***Nome:*** José Alberto Legaspi Maseda
- ***Lugar de nacemento:*** Cangas de Foz
- ***Familia:*** Solteiro
- ***Profesor de:*** Formación e Orientación Laboral (F.O.L.)
- ***Anos de profesión:*** 2
- ***Destinos antes de Burela:*** Ningún

- ***¿Por que estudiou Formación Profesional?***
Por vocación profesional. Porque en si era o que me gustaba facer.

- ***Recordos do seu paso polo centro:***
O clima de convivencia, no sentido de que ser estudiante de Formación Profesional era unha situación particular na vida dun estudiante.

- ***¿Nota moitos cambios nesta nova etapa de profesor con respecto á súa etapa de alumno?***
Si. A situación do ensino mellorou moito. Respecto a presupostos as melloras nótanse porque se dignificou a Formación Profesional.
Antes F.P. era unha exclusión e agora é unha opción.
O contacto co persoal non cambiou moito. Onde si que se nota o cambio é no material de traballo.

- ***¿Como nos ve ós alumnos de hoxe?***
Con menos prexuízos de tipo social e cunha mentalidade máis aberta, menos elitista, sobre todo como canle para poder cambiar este mundo.

- ***¿Como lle gustaría ver o centro no futuro?***
Con máis infraestructuras e medios novos. Gustariame que se convertera nun auténtico politécnico para a Mariña de Lugo, podendo ofrecer máis ciclos formativos, como por exemplo especialidade náutico pesqueira, ciclo superior de metal, química industrial. etc.

Digo isto porque non creo no novo sistema educativo, e sigo pensando que a Formación Profesional ten que ser unha ensinanza particular especial, impartíndose en centros específicamente deseñados para F.P.

En consecuencia, e sen ánimo de desprestixiar a ningún colectivo, penso que os bacharelatos deberían volver ó seu lugar de orixe e os institutos de F.P. deberían seguir sendo o que eran antes, pero coas reformas necesarias para mellorar a calidade de ensino.

Ex-Alumno

- **Nome:** *Laureano García Neira*
- **Natural de:** *Dayán (Cervo)*
- **Veciño de:** *Dayán*
- **Familia:** *Solteiro*
- **Estudios no noso centro:** *F.P.-1 e F.P.-2. Rama de Metal*
- **Anos de estudio:** *Desde 1979 ata 1984*
- **Profesión:** *Oficial de 1.ª de Metal*

- Estudia, traballa (empresa propia ou asalariado):
Asalariado. Traballo na Empresa "Rodabell" de San Cibrao desde que rematei os estudios hai xa 15 anos.

- Recordos do seu paso polo centro. Experiencia.
Recordo aue había un bo ambiente entre os alumnos e tamén cos profesores. Traballabamos moito nas horas de prácticas nas fresadoras, nos tornos, etc.

Recordo as Festas do noso patrón, San Xoán Bosco: os deportes, os xogos, o xantar os alumnos xuntos, os play-backs no Cine Mon, e a sesión de discoteca á noite. Pasábase un bo día.

Tamén recordo facer algún decorado para un grupo de teatro que había en Burela coa finalidade de sacar fondos para os alumnos.

- ¿Por que estudiou Formación Profesional?
Porque ó rematar E.X.B. no boletín de notas xa indicaba que era bo ir á Formación Profesional. Ademais un primo meu tiña un taller e iso animoume a estudiar F.P.

- ¿Ten algún contacto co Instituto?
Si. De vez en cando acércome por alí e tamén falo con algún profesor da rama de Metal.

- ¿Como ve o labor do centro na actualidade?
A verdade é que non o sigo moito. Non teño fillos e iso fai que non coñeza o labor en profundidade.
Antes estaba ben e gustaríame que seguise para mellor, con máis clases prácticas.

Ex-Alumna

- **Nome:** *M.ª Belén López Oroza*
- **Natural de:** *Foz*
- **Veciña de:** *Cervo*
- **Familia:** *Casada - 1 Fillo*
- **Estudios no noso centro:** *F.P.- 1 - Rama de Perruquería*
- **Anos de estudio:** *Desde o curso 1986/87 ata 1987/88*
- **Profesión:** *Perruqueira*
- **Estudia, traballa (empresa propia ou asalariada)**
Traballo. Empresa propia. Teño unha perruquería.

- **Recordos do seu paso polo centro. Experiencia.**
En primeiro lugar teño que dicir que aquí coñecín ó meu marido. El estudiaba a Rama de Electrónica. Iso xa é un feito moi importante. Na miña época había moita liberdade e iso tiña o seu lado positivo, pero tamén tiña unha parte negativa en canto a que había gamberros que non mostraban respecto polos compañeiros nin tampouco polos profesores. Penso que debía de haber máis vixilancia. Por outra banda o centro non dispoñía de moitos medios e iso notabamolo nas clases. Recordo tamén que nas asignaturas comúns compartíamos aula cos da Rama de Administrativo. Das actividades, acórdome das festas de San Xoán Bosco cos "play-baks" no Cine Mon. Un ano tocoume presentar a min o festival. Tamén recordo as excursións que había no Instituto. Eu participei nunha, onde fixemos unha visita á Casa das Ciencias, na Coruña.

- **¿Por que estudiou Formación Profesional?**
Porque sempre me gustou a perruquería. Tiña a idea clara.

- **¿Ten algún contacto co Instituto?**
A verdade é que moito non. A través dun amigo que estudia actualmente no centro sabemos que cambiou moito e que hai máis actividades. Ocasionalmente falo con Antón - profesor de Relixión - que me informa algo.

- **¿Como ve o labor do centro na actualidade?**
Como dixen antes non coñezo en profundidade a situación actual, pero sei que mellorou moito, que conta con máis medios e máis profesorado e que hai máis ofertas de estudio. Iso é positivo.

Ex-Alumno

- **Nome:** *Francisco José Riveira Pernas*
- **Natural de:** *Burela*
- **Veciño de:** *Burela*
- **Familia:** *Solteiro*
- **Estudios no noso centro:** *F-P-1 e F-P-2. Rama de Electrónica (Industrial)*
- **Anos de estudio:** *Desde o curso 1988/89 ata 1992/93*
- **Profesión:** *Enxeñeiro Técnico Industrial*

- **Estudia. traballa (empresa propia ou asalariado)**

Asalariado. Nada máis acabar a carreira púxenme a traballar. Levo en Cofrico dous anos.

- **Recordos do seu paso polo centro. Experiencia.**

Tódolos recordos son bos, aínda que non tiñamos os medios que hai agora para facer as prácticas. Nós tiñamos que buscarnos a vida. Os profesores facían ben o seu traballo e así éranos máis doado. O ambiente era bo, non só cos alumnos senón tamén cos profesores.

As actividades eran as clásicas: facíanse ligas de deportes e en San Xoán Bosco organizábase o típico partido alumnos - profesores. Tamén xogabamos ó voleibol. Recordo os pases de películas, desfiles, "play-baks", imitacións, etc.

O último ano que estiven empezouse a subir ó Monte Castelo e a facer a Semana Cultural. Era típico o costume de facer o último día unha comida co titor. Un ano saíramos unha mañá á praia da Areoura con el e alí pasamos un bo día facendo distintas actividades.

- **¿Por que estudiou Formación Profesional?**

Tiña a convicción plena de que quería facer electrónica, xa que sempre me gustou. Tamén influíu que meu irmán estaba estudiando electrónica e iso motivoume.

- **¿Ten algún contacto co Instituto?**

Si. Cando estudiaba en Xixón e viña de vacacións ía facer unha visita ó Instituto. Falaba cos alumnos e cos profesores. Hoxe o meu traballo non me permite esas visitas, pero sempre que me encontro pola rúa con algún profesor falamos un rato ou tomamos un café e recordamos vellos tempos. Neste curso tamén participei nunha Mesa Redonda na Conmemoración do XX Aniversario do Instituto.

- **¿Como ve o labor do centro na actualidade?**

Cambiou bastante. Sei que está conseguindo moitas cousas polo ben dos alumnos e da comarca e que hai unha maior oferta acorde coas necesidades actuais.

Ex-Alumna

- **Nome:** *Alejandra Villarquide Riola*

- **Natural de:** *Burela*

- **Veciña de:** *Burela*

- **Familia:** *Solteira*

- **Estudios no noso centro:** *F.P.-1 e F.P.-2. Rama Administrativa*

- **Anos de estudio:** *Desde o curso 1990/91 ata 1994/95*

- **Profesión:** *Guía Turístico*

- **Estudia, traballa (empresa propia ou asalariada)**
Traballo (Halcón Viajes). Asalariada.

- **Recordos do seu paso polo centro. Experiencia.**
Recordo, sobre todo, manterme firme nos meus ideais a pesar das influencias sociais, por exemplo: non deixarme levar polos demais e non fumar para "parecer máis maior", etc.. Ademais, recordo pasalo moi ben e darme a autosatisfacción de pasar curso por curso con boas notas (é dicir, non hai que ser un chapón para aprobar, nin un pasota para disfrutar). Tamén recordo de ter unha boa relación estudiantes-profesores en xeral.

- **¿Por que estudiou Formación Profesional?**
Porque creo que é máis útil á hora de optar a un posto de traballo, e porque non sabía se ía poder seguir estudiando.

- **¿Ten algún contacto co Instituto?**
Non moito xa que non estou en Burela, pero recibo a revista Maruxía e, cando poido, vou ver algunha película do Cine-Clube "Os Matos". Tamén sei dalgunha novidade por medio de meu irmán que é alumno do I.E.S. Perdouro.

- **¿Como ve o labor do centro na actualidade?**
Vexo que vai evolucionando. Ampliáronse os estudios (E.S.O., Bacharelatos, Ciclos Formativos) e iso trae consigo novas titulacións. Iso sempre é positivo.

Ex-Alumna

- **Nome:** *M.ª Belén Villarquide Riola*

- **Natural de:** *Burela*

- **Veciña de:** *Burela*

- **Familia:** *Solteira*

- **Estudios no noso centro:** *F.P.-2. Rama Administrativa*

- **Anos de estudio:** *Desde o curso 1993/94 ata 1994/95*

- **Profesión:** *Dependenta "Kiosco Centro Comercial"*

- **Estudia, traballa (empresa propia ou asalariada)**
Traballo. Empresa propia.

- **Recordos do seu paso polo centro. Experiencia.**
Recordo que había moita liberdade e cercanía cos profesores. Tamén había moito compañeirismo entre os alumnos, coñeciamonos todos aínda que fosemos de distintas ramas. Lémbrome das moitas actividades extraescolares, Festa de San Xoán Bosco, Semana Cultural, etc. O que máis me gustou de todo foi cando Antón -profesor de Relixión- nos levou a Lugo ver xogar ó Breogán. ¡Nunca vira un partido de baloncesto A.C.B. en directo!. Tamén me gustou moito cando Eduardo -profesor de Educación Física- nos levou a Morás a facer un cursiño de vela; e cando Antón nos ensinou a montar tendas de campaña. Tamén gardo un grato recordo da excursión de Fin de Curso, das cidades e dos lugares que visitamos: Salamanca, Mérida, Sevilla, Málaga, Granada, Córdoba, Madrid, Segovia.

- **¿Por qué estudiou Formación Profesional?**
Naquel momento non me atraía outra cousa. Tamén me motivou que miña irmá estaba alí estudiando administrativo e iso axudoume.

- **¿Ten algún contacto co Instituto?**
Si. A miúdo falo cos profesores. Se fai falla tamén colaboro con algunha actividade, como por exemplo na Semana Cultural e na edición da revista "Maruxía".

- **¿Como ve o labor do centro na actualidade?**
Penso que mellorou bastante. Hai máis medios e máis oferta educativa. Cando veñen alumnos doutros lugares a estudiar aquí é por algo. É un bo sinal.

Poesía ó I.E.S. "Perdouro"

Así deron en chamarlle
a aquel noso Instituto
que, nun costado de Burela,
vixía o mar medio oculto.

Asomándose tímidamente
con ar de cadelo canso
espreguízase so o terreo,
impávido... alberga no seu pelello
vinte anos, nin máis nin menos.

¡Vinte anos...!
Pasados xa coma un soplo
e con qué admirable firmeza
con qué incrible ar estoico
permanece imperturbable, seguro e sólido.

Semella que dorme
pero non dorme...
repousa tanta historia doutros tempos...
vaga nese limbo
creador de xenios e proxectos;
pérdense nos ángulos escuros
de cada oculta cornisa
esquecidas historias de amor,
tal vez
da adolescencia mil tolerías.

Namentres...
cae a choiva
cun son aburrido e eterno
emprestándolle alleas bágoas
a esa armazón de pedras e proxectos.

¡Cantas veces, en días de inverno
o vento entre as columnas silbaba
e de alleos pés, as pedras que alí repousan
hoxe as pegadas tal vez gardan!

¡Cantas veces, ó pé das escuras paredes
outros riron e incubaron ilusións
e cantas,o patio escurecido
tertulias xuvenis testemuñou!.

I.E.S. Perdouro
nobre nome,
fiel testemuna ó paso do tempo
lenda xa da nosa académica historia
vago rumor silandeiro e eterno.

Aquí segues, imperturbable,
educador de varias xeracións
niño que endexamáis tirará o vento
faro, do noso futuro o guiador.

Vinte anos...
¡canto tempo xa pasou!
e ti seguirás firme,en pé
outros vinte, ¡cómo non!.

Raquel Rey Neira 1.º Bach. - Hum.-
Xuño 1999

- Imaxes -

TRABALLOS DE ADMINITRACIÓN

XEFA DE ESTUDIOS

SECRETARIO



CONSERXE

VISITA A UNHA EMPRESA

VIAXES

NA FROUXEIRA

FIN DE CURSO - SEGOVIA

AVALIACIÓN

PROFESORES E ALUMNOS

2.º DE PERRUQUERÍA

1.º DE BACHARELATO

CON MISIONÉ - MEDALLISTA OLÍMPICO

ACTOS CULTURAIS

RECITAL POÉTICO

TOCANDO A GUITARRA

MONTE CASTELO

FESTA E CONVIVENCIA

SAN XOÁN BOSCO - XANTAR NA BIBLIOTECA

DESFILE DE PERRUQUERÍA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

TALLER DE GRAVADO

PREPARANDO O MAGOSTO

XOGOS DE MESA

XOGOS E DIVERSIÓN

SALTANDO Á CORDA



BAILANDO

CAMIÑO DE SANTIAGO EN BICICLETA

DEPORTES

BALONCESTO: ALUMNOS - PROFESORES

FÚTBOL - SALA

O noso agradecemento

a todos os profesores,

alumnos,

ex-alumnos,

persoas e

institucións

que fixeron posible este traballo

Bibliografía

FONTES DE INFORMACIÓN:

* LIBROS DE ACTAS DO I.E.S. "PERDOURO".

* LIBROS DE ACTAS DO CONCELLO DE CERVO.

* ARQUIVO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

* XORNAL "EL PROGRESO"

* XORNAL "LA VOZ DE GALICIA"

* REVISTA "MARUXÍA"

* TESTEMUÑOS DE PROFESORES, ALUMNOS, EX-ALUMNOS E PERSOAS VINCULADAS Ó CENTRO

Indice

Páxina

Limiar 5
Introducción 7
Primeiros Pasos 9
Proxecto e construcción das obras 11
Inauguración 15
Elección de Director 19
Comezo da Actividade Escolar 21
Primeiros anos "dos 80" 23
1983/1984: Primeira Promoción
Novo Centro de B.U.P.. 27
1985/1986: Obras de ampliación 29
Consello Escolar - Novo Director -
Revista dos Centros de F.P. 31
Década "dos 90": Novos directores
E.S.O. - Ciclos Formativos 35
Asociación Cultural "Os Matos" 37
1994/1995: Intercambio con alumnos portugueses
Revista "Maruxía" 39
Bacharelato - Novos Ciclos - Cine Clube 45
Adscrición - Nome de I.E.S. "Perdouro" 49
Actualidade 51
Obxectivos - Actividades 55
Organización de espacios - Planos 57
Os nosos directores: opinións 61
Profesores veteráns: opinións 71
Ex-alumnos/as: opinións 75
Poesía 87
Imaxes 89
Agradecemento 97
Bibliografía 98
Indice 99

I.E.S. "PERDOURO"

20 anos de vida